



# MOBILIDADE PARA PERSOAL SAÍNTE ERASMUS+ A TRAVÉS DO CARTES

## CONVOCATORIA PARA O CURSO 2025-26

A EASD Mestre Mateo fai pública a presente convocatoria de axudas para a Mobilidade de Persoal Docente correspondente ao curso 2023/2024, no marco do programa Erasmus+ KA107: 2024-1-ES01-KA171-HED-000231424 para países asociados a través do CARTES.

Este programa desenvólvese grazas á aprobación por parte da Comisión Europea das Mobilidades de estudantes e persoal entre países do programa e países asociados polo Servicio Español para a Internacionalización de la Educación (SEPIE).

### PRIMEIRA. OBXECTO DA CONVOCATORIA E OBXECTO

O obxectivo da presente convocatoria é a selección de beneficiarios dun máximo de 1 axuda de mobilidade para persoal docente da EASD Mestre Mateo destinadas a financiar unha estadía durante o curso 2025/2026 para profesorado de Graos ou Ciclos superiores que se imparten no centro.

### SEGUNDA. CENTROS DE DESTINO E DURACIÓN

Lugar	Universidade de destino	Duración	Datas	Número de prazas
Moldavia	Institutia Publica Academia de Muzi- ca Teatru si Arte Plastice (AMTAP)	6 días + 2 de viaxe	3 ao 8 de Novembro	1

### TERCEIRA. REQUISITOS

Son elixibles todos/as os/as docentes que impartan estudos na Escola (tanto graos coma ciclos superiores) durante o curso 2025/26.

- Declaración de capacidade do manexo no idioma do país de destino ou no idioma de traballo (Anexo II)
- Certificacións oficiais de idiomas.
- Plan de traballo (Anexo III)

### CUARTA. AXUDA ECONÓMICA

As persoas participantes na mobilidade recibirán, a través do Consorcio de Artes, unha axuda económica para sufragar os custos de estancia e manutención durante o período de mobilidade, así como unha axuda económica para sufragar os custos de viaxe.

### SEXTA. CRITERIOS DE SELECCIÓN DAS PERSOAS PARTICIPANTES

A selección do profesorado candidato realizarase a través dunha comisión de valoración, que estará integrada polo director, a xefatura da área de Calidade e Promoción das Ensinanzas, a coordinadora de Programas Internacionais e dous integrantes do claustro seleccionados mediante sorteo público, que terá lugar o 20 de Outubro ás 11h.

### QUINTA. LUGAR DE PRESENTACIÓN E PRAZO DE SOLICITUDE

As persoas solicitantes deberán presentar os seguintes documentos debidamente cumprimentados, datados e asinados, na Secretaría da Escola, en papel, ata o 21 de Outubro de 2025 (inclusive):

- Impreso de solicitude (Anexo I)

No caso de que o segundo integrante do claustro seleccionado por sorteo sexa da mesma especialidade que o primeiro, o segundo quedará exento e continuarase co sorteo até atopar





unha/un docente que non coincida na especialidade coa/co primeira/o docente seleccionada/o.

Se algún das/os integrantes da comisión se cadatara para a bolsa, será substituído pola xefatura de estudos. No caso de que se trate dun integrante do claustro, realizarase un novo sorteo. A adxudicación de prazas farase por especialidade e de acordo cos seguintes criterios:

1. Relación entre a especialización do/a docente (responsabilidades, disciplinas e especialidades que imparte) e a formación que recibirá no centro de destino. *Máximo 3 puntos.*
2. Liñas de traballo e de investigación afíns ao centro de destino: proposta no proxecto/plan de traballo de visitas e contactos con institucións que impartan estudos similares aos da EASD Mestre Mateo. *Máximo 1 punto.*
3. Coñecemento da lingua de traballo. Certificación de idiomas dacordo co Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas. *Máximo 4 puntos, conforme á seguinte táboa:*

Idioma na institución de destino solicitada			
B1	B2	C1	C2
-	2	3	4
Inglés			
B1	B2	C1	C2
-	1	1,5	2

5. Terán preferencia as persoas que non cursaran previamente unha mobilidade Erasmus para profesorado na Escola ou, no seu caso, as que faga máis tempo que a teñan realizado, sempre e cando: a) exista relación suficiente entre a especialización do/a docente e as materias do centro de destino, de xeito que acaden unha puntuación mínima de 1,5 e 0,5 nos punto 1 e 2, respectivamente; b) as liñas de traballo e de investigación sexan afíns co centro de destino; e c) teñan alomenos un nivel B1 da lingua de traballo para optar ás mobilidades de formación, e a un B2 para as de docencia.

6. Terán preferencia, por esta orde: a) destino definitivo no centro, b) interinidade, c) substitución.
7. No caso de empate, terá preferencia a persoa con maior permanencia no centro.

As persoas solicitantes, una vez baremadas, pasarán a formar parte dunha lista de seleccionados ordeada de maior a menor puntuación.

A concesión desta licenza subordinarase, en todo caso, ás necesidades do servizo.

### SÉTIMA. RENUNCIAS

A renuncia a unha axuda de mobilidade xa adxudicada presentarase por escrito á coordinadora Erasmus da Escola no prazo de 2 días dende a resolución da convocatoria.

### OITAVA. PRAZOS

- Presentación de solicitudes: 21/10/25
- Resolución e lista de seleccionados: 22/10/25
- Alegacións: 23/10/25 ata as 13 h.
- Resolución e lista de adxudicación definitiva: 24/10/25.
- Renuncia: máximo 2 días despois da publicación da lista definitiva de persoas seleccionadas.

### NOVENA. TRÁMITES ANTES DE COMEZAR A ESTADÍA

A persoa adxudicataria aportará todos os datos e información necesarios para xestionar a documentación requirida polo Consorcio de Artes e o Departamento de Relacións Internacionais da EASD Mestre Mateo en tempo e forma. Asimesmo deberán realizar todos os trámites necesarios para asegurarse a cobertura sanitaria durante a súa estancia e suscribirán unha póliza que cubra accidentes e responsabilidade civil durante a estadía no país destino.

### DÉCIMA. TRÁMITES DURANTE A ESTADÍA

A persoa adxudicataria debe comunicar á coordinación Erasmus da Escola a súa incorporación ao centro de destino. Asimesmo deberá comunicar á coordinación Erasmus da Escola calquera incidencia ou cambio



nas datas ou no plan de mobilidade acordado no Acordo á maior brevidade posible.

#### **UNDÉCIMA. TRÁMITES AO FINALIZAR A ESTADÍA**

A persoa adxudicataria debe entregar á coordinación Erasmus da Escola nun prazo máximo de 15 días desde o seu regreso:

- O **certificado de cumprimento da estadia según modelo normalizado**, con data e sinatura polo responsable de control de mobilidade da institución de destino.
- O **informe/dossier das actividades desenvolvidas** durante a estadia, coa memoria da súa experiencia a nivel académico, profesional, lingüístico, cultural, etc. Estas memorias publicaranse na web da Escola, e quedarán arquivadas para posteriores actividades: charlas,

presentación, información sobre centros de destino, etc.

Igualmente, as/os participantes deberán dar a máxima difusión ás actividades realizadas durante á súa estadia por medio das redes sociais e a páxina web da Escola, facilitando un rexistro fotográfico e unha sinopse da actividade á coordinación Erasmus.

**NON SE REALIZARÁ O PAGO DA AXUDA ECONÓMICA SEN A PRESENTACIÓN DOS DOCUMENTOS** (estes e os que, de ser o caso, poidan ser solicitados adicionalmente desde a coordinación Erasmus a instancias da organización) **EN FORMA E PRAZO.**

Santiago de Compostela, 17/10/25

Asinado:

Juan Marcos Adrio Fondevila  
Director



ANEXO I  
IMPRESO DE SOLICITUDE

IDENTIFICACIÓN DA PERSOA SOLICITANTE	
Nome	
DNI	
Apelidos	
Data de nacemento (dd/mm/aaaa)	
Enderezo postal	
Correo electrónico	
Teléfono	
Nacionalidade	



ANEXO II  
DECLARACIÓN DE CAPACIDADE DE MANEXO NO IDIOMA  
DO PAÍS DE DESTINO OU NO IDIOMA DE TRABALLO

A persoa solicitante da axuda, D/Dna.

.....

Declara ter manexo suficiente do idioma do país de destino solicitado.

Asdo.

D/Dna. ...., solicitante.

En Santiago de Compostela, a .... de ..... de 20.....

